



O SERVIZO DE ALERGOLOXÍA DA ÁREA SANITARIA DE VIGO CELEBRA HOXE NO HOSPITAL MEIXOEIRO O DÍA MUNDIAL DA ASMA CUNHA SERIE DE ACTIVIDADES CENTRADAS NA EDUCACIÓN ÁS PERSOAS CON ESTA DOENZA

- *A xornada de portas abertas, que se desenvolve durante esta mañá no Hospital Meixoeiro, permitirá achegar unha información esencial para as persoas con esta doenza co fin de sensibilizar na necesidade de seguir as prescricións facultativas*
- *Os datos actuais din que preto de 3 millóns de persoas padecen asma en España*
- *A xefa do Servizo de Alergloxía, a Dra. Marcos Bravo, recorda que existen aplicacións móbiles moi útiles que axudan ás persoas con estas doenzas no seu día a día*

Vigo, 10 de maio de 2024. O servizo de Alergloxía da Área Sanitaria de Vigo celebra hoxe unha serie de actividades co fin de conmemorar o *Día Mundial da Asma*, que este ano convocouse baixo o lema: "*A educación sobre asma empodera*", centrándose na necesidade de dirixirse especialmente ás persoas que padecen esta doenza e sensibilizalas no seguimento dos tratamentos como a mellor maneira de mellorar os resultados no control da asma.



Desta forma, o Servizo de Alergloxía organizou, como todos os anos (tan só interrompida durante a pandemia), unha xornada de portas abertas dirixida a pacientes, con charlas divulgativas, obradoiros interactivos de educación sanitaria neste ámbito ou probas de función pulmonar para calquera persoa que desexe ser valorada por un alergólogo mediante unha consulta *express* enfocada nesta patoloxía respiratoria.



Estas actividades desenvolveranse durante esta mañá no Hospital Meixoeiro, entre as 12:00 e as 14:00 horas, e ven a completar a celebración deste *Día Mundial da Asma* na Área Sanitaria de Vigo coa xornada desenvolvida o martes pasado polo Servizo de Pneumoloxía da Área Sanitaria de Vigo no Hospital Álvaro Cunqueiro.

Educación adecuada

Nesta ocasión, esta conmemoración trata de salientar a necesidade de capacitar ás persoas con asma coa educación adecuada para controlar a súa enfermidade e recoñecer cando buscar axuda médica, pedíndose, á súa vez, aos e ás profesionais da Saúde que aumenten a súa conciencia sobre a continua morbilidade e mortalidade evitables por asma e a evidencia publicada sobre o manexo eficaz da asma, de modo que estean preparados para brindar información que transmita confianza e un tratamento óptimo ás súas e seus pacientes.

A clave: controlar a enfermidade

A asma é unha enfermidade inflamatoria crónica das vías respiratorias inferiores que frecuentemente se acompaña de rinite ou rinoconxuntivite. En España, afecta aproximadamente a entre un 5% e un 10 % de nenos, e entre a un 2% e un 5 % de adultos, o que equivale a unha cifra en torno aos 3 millóns de persoas.

En, aproximadamente, a metade dos casos de asmáticos adultos, e case no 80% dos nenos, a alerxia respiratoria desempeña un papel importante no desencadeamento da asma (asma alérxica). Os alérxenos máis relacionados coa asma son: os ácaros do po, os poles, mascotas (cans, gatos) e os fungos do ambiente. A heteroxeneidade nas causas e manifestacións da asma fai que se considere como unha síndrome (conxunto de enfermidades) e non como unha soa enfermidade. Desde hai moitos anos, a asma clasifícase atendendo á súa posible etioloxía (alérxica, e intrínseca ou non alérxica,) ou á súa intensidade ou gravidade (intermitente, leve, moderada, grave).

Como todas as enfermidades crónicas na asma alérxica o mais importante é manter un bo control e previr os empeoramentos ou crises, e para conseguilo o tratamento debe abordarse dun modo completo, ademais de fármacos específicos, educación sanitaria, medidas de evitación aos alérxenos implicados, e en casos seleccionados tratamento etiolóxico inmunomodulador como é a inmunoterapia, ou tratamentos biolóxicos.

Ferramentas moi recomendadas para os e as pacientes

Como un paciente con asma pode facerse un experto nesta enfermidade? Segundo explica a doutora M^a Carmen Marcos Bravo, xefa do Servizo de Alergoloxía da Área Sanitaria de Vigo: "Para os pacientes especialmente interesados en ter coñecemento e empoderarse na súa enfermidade, desde o Servizo de Alergoloxía recomendámoslles realizar un curso on-line gratuito, denominado: Son experto en Alerxia, avalado pola *Sociedad Española de Alergología e Inmunología Clínica* (<https://soyexpertoenalerxia.es/courses/category/asma>). Así mesmo –continuou a doutora Marcos Bravo- hai tamén aplicacións dispoñibles que lle axudarán a un mellor



control da súa asma, como: ControlASMAApp, [AsmaControl](#), [Miasma](#), [MyTherapy](#), AsthmaCare Buddy, Asthma Check ou Pulmón Virtual”.